

---

**IES PLURILINGÜE ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ**

**Critérios xerais outorgamento de matrículas de honra e para a avaliación, promoción e titulación**

[ies] **a**NTÓN  
plurilingüe LOSADA **di**ÉGUEZ



# Índice

---

<b>I. CRITERIOS XERAIS DE OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA .....</b>	<b>4</b>
(1) Matrícula de honra para a ESO .....	4
(2) Matrícula de honra en bacharelato .....	4
<b>II. CRITERIOS XERAIS PARA A PROMOCIÓN E TITULACIÓN .....</b>	<b>5</b>
(1) Educación secundaria obrigatoria.....	5
(1.1) Criterios de promoción na ESO .....	5
(1.2) Criterios de titulación na ESO.....	6
(2) Bacharelato .....	6
(2.1) Criterios de promoción no Bacharelato.....	6
(2.2) Criterios para a obtención do título no Bacharelato.....	7

# I. CRITERIOS XERAIS DE OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA

---

## (1) Matrícula de honra para a ESO

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final de 4º da ESO, obtivesen unha nota media en 4º da ESO igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra.
2. A cantidade máxima de matrículas de honra que se concederán virán dadas pola seguinte táboa:

Nº de alumnos/alumnas de 4º ESO	Nº de matrículas de honra
De 1 a 29	1
De 30 a 49	2
De 50 a 69	3
De 70 a 99	4

3. Seguiranse os seguintes criterios para conceder as matrículas de honra:

-Maior nota media en 4º da ESO.

-En caso de empate no punto anterior atenderase a quen teña a maior media nas notas de 3º da ESO .

-En caso de empate nos dous puntos anteriores procederase por sorteo.

## (2) Matrícula de honra en bacharelato

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final de 2º de Bacharelato obtivesen unha nota media en 2º de Bacharelato igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra.
2. A cantidade máxima de matrículas de honra que se concederán virán dadas pola seguinte táboa:

Nº de alumnos/alumnas de 2º de Bacharelato	Nº de matrículas de honra
De 1 a 29	1
De 30 a 49	2
De 50 a 69	3
De 70 a 99	4

3. Seguiranse os seguintes criterios para conceder as matrículas de honra:

-Maior nota media en 2º de Bacharelato.

-En caso de empate no punto anterior atenderase a quen teña a maior nota media en 1º de Bacharelato.

-En caso de empate nos dous puntos anteriores procederase por sorteo.

## **II. CRITERIOS XERAIS PARA A PROMOCIÓN E TITULACIÓN**

---

### **(1) Educación secundaria obrigatoria**

#### **(1.1) Criterios de promoción na ESO**

1. O órgano competente na decisión da promoción do alumnado será o equipo docente do alumno ou alumna. Farao de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. Non haberá abstencións. En caso de empate o titor terá voto de calidade.

2. No cómputo de materias do alumno ou alumna contabilizaranse todas as que estea matriculado, incluídas as pendentes. As materias coa mesma denominación de distintos cursos computaranse como materias distintas.

3. Promocionará o alumno/a que superase todas as materias ou ámbitos. Tamén promocionará aquel que teña unha ou dúas materias non superadas.

4. No caso de ter máis de dúas materias suspensas o equipo docente do alumno ou alumna poderá decidir a súa promoción sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

-Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

-Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte. Neste caso o equipo docente deberá prestar especial atención a se as materias non superadas teñen continuidade no seguinte curso académico pois ter os obxectivos sen acadar nunha materia dun curso inferior dificultaría o poder acadar os obxectivos desa materia nun curso superior.

-Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación. Para avaliar este aspecto tomarase en consideración se o alumno ou alumna

tivo xa materias pendentes no curso actual e, de ser o caso, o grao de aproveitamento do programa de recuperación as mesmas: realización das actividades necesarias para a súa avaliación, cualificacións nas probas escritas, etc.

-Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

### **(1.2) Criterios de titulación na ESO**

1. O órgano competente na decisión da titulación do alumnado será o equipo docente do alumno ou alumna. Farao de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. Non haberá abstencións. En caso de empate o titor terá voto de calidade.

2. No cómputo de materias do alumno ou alumna contabilizaranse todas as que estea matriculado, incluídas as pendentes. As materias coa mesma denominación de distintos cursos computaranse como materias distintas.

3. Obterá o título de Graduado na ESO o alumno/a que superase todas as materias ou ámbitos. Tamén o obterá aquel/a que teña unha ou dúas materias non superadas.

4. No caso de ter máis de dúas materias suspensas o seu equipo docente poderá decidir a súa promoción sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

-Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

-Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

-Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. Para avaliar este aspecto tomarase en consideración se a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación

## **(2) Bacharelato**

### **(2.1) Criterios de promoción no Bacharelato**

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

A efectos deste apartado, computaranse unicamente as materias que como mínimo o alumnado debe cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e literatura, con

independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

## **(2.2) Criterios para a obtención do título no Bacharelato**

1. O órgano competente na decisión da titulación do alumnado será o equipo docente do alumno ou alumna. Farao de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. Non haberá abstencións. En caso de empate o titor terá voto de calidade.

2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

-Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

-Que non se producise unha falta de asistencia continuada e non xustificada documentalmente superior ao 10% da carga lectiva mensual.

-Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. Para avaliar este aspecto atenderase ás actividades recollidas de xeito explícito na programación didáctica da materia xunto co seu peso na cualificación na mesma.

-Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.